

**ESTATUTOS DA DELEGACIÓN DO ALUMNADO DA FACULTADE DE
FILOLOXÍA E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

TÍTULO I

DOS FINS

Artigo 1.- NATUREZA

1. A Delegación do Alumnado da Facultade de Filoloxía é un órgano colexiado de representación estudantil, expresión da vontade libre e democrática do alumnado da Universidade.
2. A Delegación do Alumnado é o órgano encargado da coordinación das iniciativas encamiñadas á defensa dos dereitos do alumnado da Facultade, sen ningún tipo de discriminación.
3. Cooperará co resto dos membros da Comunidade Universitaria na consecución dos fins da Universidade.
4. Promoverá e impulsará todo tipo de actividades que impliquen unha mellora e unha ampliación na formación humanística, científica e cultural do alumnado, así como a participación do alumnado na xestión universitaria.

Artigo 2.- FINS

1. Representar a todo o alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución.
2. Recadar e facilitar información sobre calquera cuestión académica ou universitaria de interese ao alumnado que o solicite.
3. Realizar e apoiar proxectos e actividades que poidan resultar de interese para o alumnado da Facultade e que sexan aprobados pola Delegación.
4. Cooperar e coordinarse coa representación estudantil de distintos centros.
5. Promover a normalización e dinamización da lingua galega, sendo esta a lingua primaria nos documentos e actividades da Delegación.
6. Promover a diversidade social, cultural, sexual e funcional entre a comunidade universitaria.
7. Establecer un horario de atención ao alumnado; presencial ou virtual, en Asemblea para cada cuadrimestre e dispor dunha conta activa de correo electrónico.

8. Tratar de solucionar todas as irregularidades e dúbidas que cheguen ao seu coñecemento nos
 ámbitos en que transcorre a súa actuación.

TÍTULO II

DO ALUMNADO MEMBRO DA DELEGACIÓN

Artigo 3.- MEMBROS

1. Teñen dereito a ser membros natos da Delegación de Alumnado:
 - a) Representantes do alumnado do Claustro Universitario.
 - b) Representantes do alumnado membro da Xunta de Facultade.
2. Teñen dereito a ser membros non-natos da Delegación de Alumnado:
 - a) Representantes do alumnado membro das Xuntas de Titulación.
 - b) Representantes do alumnado nos Consellos de Departamento adscritos á Facultade.
 - c) Representantes do alumnado dos diferentes cursos e graos da Facultade.
3. Serán membros da Delegación de Alumnado aquelas persoas que, cumprindo algunha das características anteriores, manifesten a súa vontade de formar parte dela á Delegación ou Decanato.
4. Perderase a condición de membro:
 - a) Cando se deixen de cumprir as condicións mencionadas no apartado 1 ou 2 do presente artigo.
 - b) Por renuncia expresa da persoa interesada.
 - c) Por expulsión en Asemblea tras unha acumulación das faltas presentes no título IV destes estatutos.

Artigo 4.- DEREITOS

1. Asistir con voz e voto ás asembleas e demais reunións propostas pola Delegación.
2. Elixir e ser electos para os órganos e cargos da Delegación.
3. Ter acceso aos documentos oficiais da Delegación.
4. Compaxinar o seu deber académico e as actividades da Delegación sen repercusións negativas.
5. Acceder ás instalacións da Delegación do Alumnado.
6. Calquera outro que sexa aprobado en asemblea.

Artigo 5.- DEBERES

1. Asistir a un mínimo dunha asemblea cada curso académico.

2. Participar activamente en todas as actividades e tarefas que lle correspondan segundo a súa función.
3. Acatar e respectar os acordos e decisións que adopte a Delegación.
4. Informar aos colectivos representados dos asuntos que lles incumban ou sexan de interese.
5. Participar ou mostrar interese por algunha das distintas comisión de traballo que se creen.
6. Manter contacto cos outros membros da Delegación co fin de non abstraerse da realidade do alumnado.
7. Atender ao alumnado mediante os medios estipulados a tal efecto.
8. Respectar o espazo da Delegación do Alumnado e todo o material do que esta dispón, sen facer uso indebido ou para beneficio persoal deste.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA DELEGACIÓN

Artigo 6.- ÓRGANOS

1. Órganos colexiados:

- a) Asemblea
- b) Cadro Directivo
- c) Comisións

2. Órganos unipersoais:

- a) Presidencia
- b) Vicepresidencia
- c) Secretaría

3. Órganos de dúas persoas:

- a) Tesourería
- b) Comunicación

4. Todos os órganos dos puntos dous e tres serán elixidos por un período dun ano como resultado dun sufraxio interno, que será convocado nunha asemblea extraordinaria na primeira semana do mes de novembro.

SECCIÓN PRIMEIRA: DA ASEMBLEA

Artigo 7.- NATUREZA

1. A Asemblea é o máximo órgano de decisión da Delegación de Alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Artigo 8.- FUNCIONES

1. Determinar as liñas xerais de actuación da Delegación de Alumnado e aprobar o programa de traballo anual proposto polo Cadro Directivo.
2. Designar figuras específicas para tarefas especiais que non sexan función do Cadro Directivo.
3. Decidir sobre as mocións de censura que se presenten.

Artigo 9.- CONVOCATORIAS

1. As convocatorias da Asemblea poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

2. A Asemblea reunirse con carácter ordinario, como mínimo unha vez cada cuadrimestre lectivo.
3. A Asemblea reunirse con carácter extraordinario por aprobación do Cadro Directivo ou por petición dun 20% dos membros da Asemblea.

Artigo 10.- PROCEDEMENTO

1. A Asemblea considerase convocada en sesión ordinaria mediante aviso por correo electrónico aos membros da Delegación de Alumnado da data, hora e lugar con tres días lectivos de antelación da mesma; incluíndo polo menos a orde do día, acta da Asemblea anterior e a documentación necesaria.
2. A Asemblea considerase convocada en sesión extraordinaria mediante aviso por correo electrónico aos membros da Delegación de Alumnado da data, hora e lugar cun día de antelación en período lectivo e tres días en período non lectivo, incluíndo polo menos a orde do día e a documentación necesaria.
3. Establecese o quórum para abrir a sesión na primeira convocatoria nun terzo dos seus membros, se non houberse quórum na primeira, abriríase sesión na segunda convocatoria.
4. A orde do día será fixada pola Secretaría e a Presidencia. De haber petición dun punto por parte do 20% dos membros con dous días de antelación á Asemblea, este será engadido sendo responsabilidade de ditos membros proporcionar a documentación necesaria ao resto de asistentes.

Artigo 11.- TOMA DE ACORDOS

1. As votacións realizaranse a man alzada, salvo que algún membro da Delegación solicite o voto secreto.
2. Os acordos adoptaranse polo voto favorable de máis da metade máis un dos validamente emitidos.
 3. No caso de producirse un empate nunha votación, repetirase a votación tras unha nova quenda de debate. De repetirse o empate será preciso repetir o debate e votación nunha nova convocatoria.

- Os primeiros puntos da Orde do Día serán sempre os correspondentes a aqueles temas que haxa que someter a decisión ou consulta da Asemblea, aos cales só se poderá antepoñer a aprobación de actas das sesións anteriores e a exposición dos informes relacionados con algunha das decisión que se han de tomar.
- O voto será un por cada membro da Asemblea, pero considérase válida a delegación de voto, sempre que esta fose notificada previamente á Secretaría.

SECCIÓN SEGUNDA: DO CADRO DIRECTIVO

Artigo 12.- MEMBROS

- O Cadro Directivo estará formado pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería.

Artigo 13.- FUNCIONS

- Coordinar o funcionamento da Delegación do Alumnado.
- Elaboración do plan de gasto anual.
- Cumprir e facer cumprir os acordos da Asemblea.
- Todas aquelas que lle encomende a Asemblea.

Artigo 14.- FUNCIONAMENTO

As reunións do Cadro Directivo serán convocadas pola Presidencia ou a metade máis un dos seus membros. A Orde do Día será fixada pola Presidencia ou convocadores. Reuniranse como mínimo, con carácter ordinario, cada mes, con excepción de épocas de exames e períodos non lectivos.

Artigo 15.- DEBERES

- Informar e render contas en cada Asemblea.
- Realizar as funcións encomendadas no presente Estatuto, pola Delegación e pola Presidencia.

Artigo 16.- FUNCIONS DA PRESIDENCIA

- Asegurar o cumprimento dos Estatutos da Delegación.
- Representar á Delegación cando tal función non a exerza de maneira coordinada o Cadro Directivo.
- Actuar de voceira/o da Delegación do Alumnado.

4. Levar a correspondencia.

Artigo 17.- FUNCÍONS DA VICEPRESIDENCIA

1. Exercer as labores da Presidencia no caso de que esta non poida levalas a cabo ou así llo encomende.
2. Apoiar as función da Presidencia e máis da Secretaría da Delegación.

Artigo 18.- FUNCÍONS DA SECRETARÍA

1. Redactar actas de cada sesión que conterà, como mínimo, as circunstancias do tempo e lugar en que se celebrou, o número de asistentes, os puntos principais de deliberación, a forma e resultado da votación e o contido dos acordos, así como asinar co visto e prace da Presidencia. A acta será aprobada na seguinte sesión.
2. En ausencia da Secretaría, calquera membro da Asemblea poderá actuar no seu lugar a proposta da Presidencia.
3. Dar fe dos acordos.
4. Custodiar o arquivo e documentación.

Artigo 19.- FUNCÍONS DA TESOURERÍA

1. Levar as contas da Delegación.
2. Realización das actividades necesarias para lograr unha eficiente administración dos recursos asignados.
3. Presentar ante o órgano competente da Facultade de Filoloxía e Tradución a xestión do ano da Delegación.
4. Supervisar as infraestruturas e os gastos internos da Delegación do Alumnado.

SECCIÓN TERCEIRA: DAS COMISIÓNS

Artigo 20.- COMISIÓNS FIXAS

Hai unha única comisión específica fixa, chamada Comunicación, que, conformada por dúas persoas, encargase de coordinar as redes sociais e compartir información de interese para o resto da comunidade estudantil.

Artigo 21.- COMISIONS DE TRABALLO

1. A Asemblea creará, regulará e disolverá as Comisións de Traballo, polo que aprobará os regulamentos necesarios para o seu bo funcionamento, mais sempre que estas non entren en contradición cos presentes estatutos.
2. As Comisións de Traballo estarán formada por calquera membro da Delegación que exprese o seu desexo de formar parte delas.
3. As súas actividades poderán ser de iniciativa propia ou en colaboración con organismos da Universidade de Vigo, pero sempre referendadas pola Asemblea.
4. As Comisións de Traballo realizarán calquera informe que lles sexa solicitado polo Cadro Directivo sobre o tema que motivase a súa constitución.

TÍTULO IV

DA MOCIÓN DE CENSURA

Artigo 22.- PREMISAS

1. A Asemblea pode esixir a responsabilidade a calquera membro do Cadro Directivo ou da Asemblea mediante moción de censura presentada ante o Cadro Directivo da Delegación. A moción de censura non poderá propoñerse ata transcorridos catro meses dende o nomeamento daquel órgano.
2. O Cadro Directivo convocará, nun prazo máximo de 15 días lectivos, unha Asemblea Extraordinaria, na cal o único punto da Orde do Día será debater a moción de censura presentada.
3. A moción de censura presentada deberá facerse apoiada, polo menos, por un cincuenta por cento (50%) dos membros da Asemblea.
4. A votación da moción de censura proposta non poderá ter lugar antes dos dez días lectivos, nin máis tarde dos quince días lectivos seguintes, a data da súa presentación.

Artigo 23.- PROCEDIMIENTO

1. Aberta a sesión, a primeira persoa asinante do escrito de moción disporá dun prazo máximo de 15 minutos para expoñer razóns que a fundamenten.
2. Transcorrido ese tempo, o membro a quen se lle presentase a moción disporá dun prazo de idéntica duración para debates os fundamentos da moción de censura.
3. A continuación abrirase unha quenda de intervencións cun prazo máximo dunha hora, distribuído polo Cadro Directivo, de acordo cos criterios establecidos neste Estatuto.
4. En todo caso, ao finalizar o período sinalado no apartado anterior, a Presidencia disporá dunha quenda de réplica cun tempo máximo de media hora.
5. Concluído o debate, procederase a efectuar a votación da moción de censura, de maneira secreta e individual.

Artigo 24.- RESULTADOS

1. A moción de censura requirirá para a súa aprobación o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Asemblea.
2. A aprobación da moción de censura supón a expulsión do censurado do cargo e a convocatoria de novas eleccións para elixir a persoa que ocupará o cargo.
3. A Presidencia da Asemblea comunicará esta decisión no prazo de tres días lectivos, seguintes á aprobación da moción de censura, ao órgano competente. No caso de ser a propia Presidencia a sometida á moción de censura, será a Secretaría a encargada de notificar o resultado da votación.
4. O rexeitamento da moción de censura impide que poida presentarse outra contra as mesmas persoas ata o seguinte curso académico e, en todo caso, nunca antes de catro meses.

TÍTULO V

DOS COMPORTAMENTOS SANCIONABLES E SANCIONES

Artigo 25.- FALTAS

1. Considéranse faltas leves:

- a) Faltar a dúas asembleas consecutivas da Delegación sen xustificación.
- b) Faltar a unha asemblea da Delegación sen xustificación sendo membro do Cadro Directivo.
- c) Faltar o respecto a calquera membro da Delegación.

2. Considéranse faltas graves:

- a) Comprometerse a levar a cabo calquera responsabilidade da Delegación e non facelo.
- b) Deixar o espazo da Delegación aberto ou perder as chaves.
- c) Facer uso indebido ou persoal do material ou espazo da Delegación.
- d) Omisión de información relevante para o correcto cumprimento dos estatutos.

3. Considéranse faltas moi graves:

- a) Calquera tipo de agresión física.
- b) Comportamentos sexistas, racistas, homófobos e capacitistas.

Artigo 26.- SANCIONES

1. As faltas acumúlanse da seguinte forma:

- a) 3 faltas leves corresponden a 1 falta grave.
- b) 2 faltas graves corresponden a 1 falta moi grave.
- c) 1 falta moi grave implica a posibilidade de expulsión.

Artigo 27.- EXPULSIÓN

1. Para levar a cabo a expulsión dun membro da Delegación do Alumnado por acumulación de faltas será necesario facer unha asemblea extraordinaria con todos os membros na que se someterá a cuestión a unha votación anónima.
2. De ser a expulsión aprobada por maioría, entrará en efecto a decisión no prazo dunha semana tras comunicalo ao Decanato.
3. De ser a expulsión denegada por maioría, o membro sobre o que se votou a expulsión gardaría as faltas acumuladas e volvería ser levado a votación cando tivera outra falta moi grave.

TÍTULO VI

DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 28.- PROCEDEMENTO DA PROPOSTA DE REFORMA

1. A iniciativa de propoñer a reforma dos estatutos da Delegación do Alumnado corresponde á Asemblea.
2. As propostas de reforma, dirixidas á Presidencia, deberán acompañarse do seu texto articulado e da argumentación na que se fundamenten.
3. Recibida a proposta de reforma, o Cadro Directivo a remitirá aos membros e acordarase un prazo, non inferior a dez días lectivos nin superior a trinta, para que estes propoñan as emenda que estimen pertinentes. As emendas, clasificadas polo Cadro Directivo, remitiranse de novo aos membros xunto coa convocatoria de Asemblea.
4. Dende a data de presentación da proposta de reforma ata a da convocatoria de Asemblea non poderá transcorrer un prazo superior a sesenta días lectivos.
5. A aprobación pola Asemblea das propostas da reforma dos estatutos require o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Asemblea, en primeira votación, ou de dous terzos dos presentes, na segunda.
6. Cando a proposta de reforma teña por obxecto adecuar os estatutos ás disposicións legais promulgadas con posterioridade a entrada en vixencia daquel, será suficiente para a súa aprobación o voto favorable da maioría das persoas presentes.
7. Con excepción das propostas contempladas no apartado anterior deste artigo, non poderá presentarse ningunha outra reforma dos estatutos ata transcorridos seis meses dende a súa entrada en vigor ou rexeitamento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Os aspectos non previstos no presente estatuto, serán regulados pola Asemblea da Delegación do Alumnado da FFT.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Estes Estatutos entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea e condicionada a súa ratificación pola Xunta de Facultade de Filoxía e Tradución.